

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 26 de xaneiro de 2018, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración non automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para contratación da subministración, transporte e instalación dos centros de compostaxe comunitarios na provincia de Pontevedra (Nº Expte 2017047344).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes ao acto que o procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, transporte e instalación dos centros de compostaxe comunitarios na provincia de Pontevedra, apareceu licitado a través dun anuncio que se publicou no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) número 247, de data 28 de decembro de 2017 e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra e na Plataforma de Contratación do Sector Público coa mesma data.

O Sr. Secretario de Mesa tamén informa aos asistentes ao acto do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polas empresas que optan á adxudicación deste procedemento aberto, cuxo detalle é o seguinte:

Empresas admitidas

- Vermican Soluciones de Compostajes S.L. (CIF B-71066153).

Empresas non admitidas:

Ningunha

A continuación procédese a efectuar a apertura dos sobres B presentados polas admitidas e o Presidente e o Secretario da Mesa de Contratación rubrican o índice de documentos.

Os membros da Mesa de Contratación, por unanimidade, acordan trasladar a documentación do sobre B presentada polas empresa admitidas, aos técnicos responsables do Servizo de Asistencia Intermunicipal, ao obxecto de que avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a vinteséis de xaneiro de dous mil dezaoito.

